Metafísica bovina

En metáforas visuais

Armando Requeixo

Estraña condición esta humana de sermos animais sentimentais e melancólicos. Cando bate en nós a refoleadas a anguria rememorativa da infancia perdida, das paisaxes definitivamente clausuradas en pasados non tan lonxincuos pero que sentimos como pretéritos remotísimos nos que todo semella pasar pola nosa memoria como un vello filme en branco e negro, cando iso sucede, por veces o angor é tal que só a evocación da verba reveladora pode servirnos de pranto expiatorio co que tentar disipar a nebulosa da tristura.

Melancolía líquida da Idade das Vacas, o último poemario de Xavier Lama, constitúe un bo exemplo desa vertixe. A unción mística, o telurismo cósmico cos que son reverenciados nestas páxinas a mirada bovina e os enclaves paisaxísticos da nenez entroncan cunha tradición que cifra nos eidos do noso rural a orixe primordial ou ubérrima matriz dende a que somos Pobo. Endemais, o canto de Lama flúe tamén coas augas caudais que defrontaron nas últimas décadas o novo moloch urbanita co cada vez máis esvaecente espazo rural, como Lupe Gómez ou Alfonso Eiré, como Paco Souto ou Xesús Fraga, e, máis aló aínda, como Xohana Torres ou o primeiro Rivas.

Cómpre aprehender a poética de Lamas como unha entrega á disolución contemplativa, ler os seus versos tal que unha ladaíña de tenrura infinita que pretende o doce imposible de deter o fluír do Tempo, de volver vívidos e mesmo reais espazos e intres que se foron coa chuvia dos anos, pero que alentan en nós máis intensos ca nunca na memoria desolada do que sabemos ido.

As vacas, sempre as vacas, son o símbolo anfibolóxico da mansedume perpetua e resignada e, asemade, da subversión oculta do que permanece porque resistindo vence, fermosa e delicada alegoría da nación, da tribo secular que continuamos neste presente avolto onde as irmás vacúas "quedaron condenadas a existir en interiores implacables/ como criaturas bergmanianas/ que viven os infortunios impronunciables da melancolía".

Nesta líquida bile negra –velaí o epifánico significado primixenio do termo grego *melancolía*–, cardíaca por necesidade, instálanse a canda a de Lamas as voces en convivio de Berger e Cunqueiro, Ponge e Iglesia Alvariño, Clay e Fiz Vergara, Heaney e Avilés de Taramancos, Artaud e Noriega Varela e aínda outras moitas como as de L. M. Panero, Cervantes, Torga, Bosquet, Juan Ramón e, como non, Hölderlin.

Mais tamén teñen presenza axial nesta poética os universos da música e o cinematográfico, preanunciado este último dende algúns subtítulos e logo concretado na plástica de lacónicas imaxes bergmanianas alternantes cun tremor Dogma de vivísimas metáforas visuais.

Todo o que foi no paradiso infante, todo o que configurou un mundo que abandonamos pero segue inmorredoiro na nosa rememoranza é convocado aquí polo esconxuro da palabra: as Vacas Sagras apacentando mansas baixo unha chuvia escénica, o valor dos prados xeracionais, a nostalxia dos xitanos no acordo neno, a paisanaxe disidente dos tolos da parroquia e as tías mestras, os labores apícolas, as ceifas, regas, desfollas e segas, a casa nativa envolveita en couselos de eternidade, o tractor vencido por sempre na palleira, as troitas heracliteanas que xa non volveremos ter entre as mans ou as vellas cortes transformadas en tristeiros comedores de festa patronal.

UNHA ESCADA DE LUZ E MEMORIA COA QUE RECUPERAR OS RAIZAMES ESQUECIDOS

Xavier Lama deixounos nesta *Melancolía líquida da Idade das Vacas* unha escada de luz e memoria coa que recuperar os raizames esquecidos. Desarrombar o que medramos sendo para esgazar a arañeira caótica dun presente desnortado non é unha proposta lectora, é unha necesidade que non deberiamos obviar.

LAMA, Xavier, Melancolía líquida da idade das vacas, Ed. Sociedade Valle-Inclán, Ferrol, 2008, 88 páxinas.